

PLAN PRÁCTICAS

Grao en Turismo

Simultaneidade Grao en Turismo-Grao en Ciencias Empresariais

- **Prácticas Profesionais Integradas DE ALOXAMENTOS:** vinculado as materias “Aloxamentos e Restauración I e II” durante 2º ou 3º, mínimo 160 horas
- **Prácticas Profesionais Integradas DE INTERMEDIACIÓN:** vinculado as materias “Intermediación Turística e Transporte I e II” e a “Interpretación do Patrimonio” (optativa 2º, so grao) durante 2º ou 3º, mínimo 160 horas
- **PERÍODO/S EXTRACURRICULAR/ES:** co 50% dos créditos do grao superados, incluídos todos os da formación básica.
- **PRÁCTICAS FIN DE GRAO:** materia obrigatoria do 4º/5º



PRÁCTICAS 2º / 3º CURSO

- **ALOXAMENTOS:** Para realizar estas prácticas é obrigatorio estar matriculado dalgunha das seguintes materias “Aloxamentos e Restauración I”, “Aloxamentos e Restauración II”.
- **INTERMEDIACIÓN:** Para realizar estas prácticas é obrigatorio estar matriculado dalgunha das seguintes materias “Intermediación Turística I”, “Intermediación Turística II” ou “Interpretación do Patrimonio” (optativa 2º, solo para grao en español)
- Ambos periodos deben estar finalizado en **maio** do curso no que se estea matriculado dalgunha das materias II e que debe ter unha duración de mínima de 160 horas.
- **Solicitud de Prácticas:** sinalar opcións de preferencias de quenda e de tipo de empresa. **Primeiro cuadrimestre Grao en Turismo, segundo cuadrimestre Simultaneidade**



PERIODES (previstos curso 25-26)

- Primeiro cuadrimestre: 6 outubro ao 30 novembro 25
- Segundo cuadrimestre: 2 febreiro ao 29 de marzo 26
- Verán: 8 semanas entre o 5/6 de xuño e o 5/6 de setembro 25

Non se poden facer prácticas durante o período de exames da primeira oportunidade (xaneiro e maio/xuño). Procúrase tamén librar o Nadal, pero para o resto de períodos vacacionais, Entroido, Semana Santa, pontes, non se segue o calendario académico da universidade, soamente líbranse os días festivos. No sector hoteleiro o normal é ter rotación de luns a domingo.

HORARIO: Contrario a quenda de clase, 4 horas/día, 20 horas semanas (total 160 horas). As persoas con materias de varios cursos deben comunicalo para atopar unha empresa que poida adaptar o horario ou ben deixalas para o verán.

DESTINOS: durante o curso as prácticas son en A Coruña e arredores, salvo petición especial de destino (Ferrol, Santiago). No verán poden ser na localidade de orixe do alumno/a, solicitar.



OPCIÓNs: Hotéis, axencias de viaxes, información turística, congresos e eventos, aluguer de vehículos, animación, concellos...

Na optativa de 2º “Interpretación do Patrimonio” (só para Grao en español) facedes prácticas de guía turística, estas prácticas contabilizan como as de Intermediación.

Unha vez finalizadas as prácticas, enviarase aos profesores das materias “Aloxamentos e Restauración II” e “Intermediación Turística e Transporte II” a relación do alumnado que cumprise co período de prácticas correspondente para que proceda a súa avaliación. **Ante a imposibilidade de realizar prácticas, débese consultar cos docentes e adaptar a avaliación da materia.**

O/a alumno/a que obteñan una beca **ERASMUS** non ten a obrigatorio de facer estas prácticas, aínda que sempre o aconsellamos.

O alumnado que teña recoñecida alguna das materias por un **ciclo superior de FP**, tampouco ten obrigatorio de facer o período vinculado a materia, pero sempre aconsellamos facelas.

PRÁCTICAS VERÁN

- ✓ A Facultade ofrece a posibilidade de facer o periodo de Aloxamentos fora de Galicia, en establecementos hoteleiros de cadeas como **Meliá, Barceló, Palladium, Fiesta, Hard Rock, H10, Iberostar ou Hesperia** en destinos como Baleares, Canarias, Andalucía, Cataluña etc. Algunhas de estas cadeas visitarán a facultade en outubro/novembro para presentar as compañía e entrevistar as persoas interesadas.
- ✓ Estas prácticas sempre teñen una duración superior a 160 horas, o periodo é aproximadamente de tres meses entre o 4/5 de xuño ao 4/5 de setembro. A xornada de traballo é de 40 horas semanais, e como contraprestación ofrecen o aloxamento, a manutención e una bolsa de entre 300 e 400€/mes.
- ✓ Non pódense facer dous períodos de prácticas profesionais integradas de aloxamentos no mesmo curso, salvo que un deles teña carácter extracurricular cos requisitos ter o 50% dos créditos do grao superados (incluída toda a formación básica). Se hai interese en facer estas prácticas de verán é aconsellable marcar VERÁN 26 na solicitude de prácticas e, no caso de querer facer prácticas durante o curso, que estas sexan as de intermediación.
- ✓ Estas prazas non se reparten de maneira obrigatoria nin por nota, senón que a súa realización é **VOLUNTARIA**, a persoa preséntase se acepta ou cumpre os requisitos de duración, lugar, idiomas, experiencia previa, etc. Estas empresas fan selección de candidato/a.

Moi importante a hora de solicitar estas prácticas ter en conta os exames da 2ª oportunidade, xullo.



- **CUMPRIMENTO, ACTITUDE, COMPORTAMENTO:** Son prácticas **formativas** de segundo e terceiro curso, en ningún caso estades a cubrir un posto de traballo nin tedes as responsabilidades que este leva. Por iso non existe remuneración, é un período curto, no que as empresas adoitan ter varios alumnos, mañá e tarde e encadean unha quenda con outra.
- **OBRIGACIÓNS DO ESTUDANTADO EN PRÁCTICAS:**
 - Cumprir íntegramente e nas condicións acordadas o período de prácticas establecido, principalmente no que se refire a datas e horarios.
 - Cumprir estritamente a normativa da empresa en canto a comportamento, vestimenta, uniformidade, calzado, aparencia física e uso de instalacións.
 - Comunicar á empresa e á universidade calquera proposta de modificación das condicións de estancia, así como calquera incidencia relevante (enfermidade, faltas de asistencia)
 - Unha vez finalizado o periodo de prácticas, se a empresa propón o alumno un contrato laboral, informar a universidade desta circunstancia.
- **RECOMENDACIÓNS**
- **ACTITUDE:** manter en todo momento unha actitude de **interese, motivación, ganas de aprender e receptividade**. A empresa pode prescindir da colaboración da persoa en prácticas, se esta non cumpre coas súas obrigacións ou a súa actitude, comportamento ou aparencia non son os adecuados.
- **APARENCIA PERSOAL:** O turismo supón contacto co público, polo que a presenza do alumno debe ser o máis coidada posible. O aseo e o aspecto persoal deben ser impecables.
- **SEGUIMENTO E CONTROL:** polo menos unha vez durante o período de prácticas a Universidade contactará co alumnado e co titor na empresa para facer un seguimento da formación, detectar problemáticas ou dificultades e coñecer o grao de satisfacción de ambas partes. É moi importante que sexades sinceros nas vosas respostas.

<https://www.udc.es/turismo>

Sarah Moss
Vicedecana da Facultade de Turismo
Coordinadora de Prácticas

Eva Undabeitia
practicas.turismo@udc.gal